

MÚSICA

Baldur Brönniman liderará unha nova etapa da Real Filharmonía de Galicia

O novo director sinala a procura da excelencia artística, a implicación social e a formación como os eixos do seu proxecto

Na súa presentación, Brönnimann asegurou que para el supón un desafío ilusionante coller os mandos dunha orquestra con tanta historia. "Quería darvos as grazas pola benvinda. Teño moita ilusión polo proxecto, xa que coñecín a orquestra traballando e sei como funciona", comezou.

Referíndose á nova etapa, o novo director artístico enumerou os puntos sobre os que xirará o seu proxecto. O primeiro en destacar é que buscará manter a excelencia artística da orquestra, polo que comezou agradecendo a Paul Daniel o traballo dos últimos anos.

Deseguido, salientou a importancia do vencello entre o público e a Real Filharmonía, que se verá en cada detalle. "Iso implica a forma na que te presentas, os programas que fas, cando tocas, etc. O contacto coa sociedade para min é moi importante", puntualizou.

"A orquestra é un servizo público e temos que chegar a toda a sociedade, facendo o esforzo en captar ese público que aínda non nos coñece ou non ten acceso á música clásica. Temos que fomentar profundamente ese diálogo coa cidadanía" declarou.

A Real Filharmonía de Galicia e Baldur Brönnimann xuntan os seus camiños para desenvolver a nova etapa na que o músico suízo será o encargado da súa dirección artística, asumindo ademais a dirección da Escola de Altos Estudos Musicais. Baldur Brönnimann tomará o relevo do mestre Paul Daniel a partir de xaneiro de 2023.



Máis información:

<http://www.rfgalicia.org/gl/baldur-bronnimann-sinala-a-procura-da-excelencia-artistica-a-implicacion-social-e-a-formacion-como-os-eixos-da-sua-nova-etapa-a-frontenda-real-filharmonia-de-galicia/>

Dous novos programas dentro da temporada 'Escoitar o Mundo'

A Real Filharmonía de Galicia ofrece este mes de decembro dous novos programas dentro da súa programación de temporada. No primeiro, o día 1 en Santiago e o 2 en Lugo, Rubén Gimeno dirixe a orquestra con Birgit Kolar como violinista solista, con obras de Béla Bartók e Beethoven. Para o día 15 quedará un concerto dirixido polo mestre Paul Daniel que será o derradeiro como director titular da orquestra. Nel haberá obras de Dvorák, Strauss e Chaikovski.

Toda a información sobre a programación da Real Filharmonía en:

<http://www.rfgalicia.org/gl/programacion/>

INSTITUCIONAL

M. Stanley Whittingham, premio Nobel de Química 2019, ofrece unha conferencia en Santiago

Dentro do programa ConCiencia, que o Consorcio desenvolve en colaboración coa USC, o premio Nobel de Química 2019, M. Stanley Whittingham, ofrece unha conferencia que levou por nome 'Os desafíos que afrontamos para abordar os fenómenos meteorolóxicos extremos globais' o pasado día 18 no Auditorio Abanca.



FORMACIÓN

Remata o Curso Especializado en Xestión de Obras de Rehabilitación

O pasado sábado 26 de novembro a Fundación Laboral da Construción puxo o punto e final ao CEGOR, o Curso Especializado na Xestión de Obras de Rehabilitación que un ano máis desenvolveu o Consorcio de Santiago coa Fundación Laboral. Un obradoiro de forxa foi o último dos talleres que se impartiu durante este curso.



OFICINA TÉCNICA

Presentados aos veciños os Plans Especiais do Camiño Francés e Conxo

Os pasados días 8 e 9 presentáronse aos veciños da Lavacolla e de Conxo os Plans Especiais do Camiño Francés e de Conxo, respectivamente, que está preparando o Consorcio de Santiago. Os documentos atópanse en fase de exposición para que os veciños poidan presentar alegacións.

